

## CLÁUSULA DE TRATAMIENTO DE DATOS (II)

De conformidade co establecido na normativa vixente en protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, co CIF Q1563003A e domicilio social na rúa de Eduardo Pondal, 4, baixo, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña), coa finalidade de poder xestionar as condicións da súa alta como colexiado da nosa entidade. En cumprimento coa normativa vixente, o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela informa de que os datos serán conservados segundo o prazo legalmente establecido.

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela informa de que será necesario o tratamento dos seus datos de infraccións penais ou administrativas.

Coa presente cláusula queda informado/a de que os seus datos serán comunicados ao Consejo General de la Abogacía Española, ao Consello da Abogacía Galega, á Mutualidad de la Abogacía e aos órganos xudiciais. Así mesmo, de ser o caso, comunicaranse os seus datos á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta da Dirección Xeral de Xustiza, ás entidades financeiras a través das que se articule a xestión de cobramentos e pagamentos, á corretoría e á compañía do seguro de responsabilidade civil e doutros seguros colexiais, ás administracións públicas competentes nos casos previstos na lei e para os fins nela establecidos, así como a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación, coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado. O feito de non facilitar os datos ás entidades mencionadas implica que non se poida cumprir coa prestación dos servizos.

Á vez, informámolo/a de que pode contactar co delegado de protección de datos do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, dirixíndose por escrito ao enderezo de correo [dpo.cliente@conversia.es](mailto:dpo.cliente@conversia.es) ou ao teléfono 902877192. O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela informa de que procederá a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. É por iso que o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela se compromete a adoptar todas as medidas razoables para que estes se supriman ou rectifiquen sen dilación cando non sexan exactos.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal, así como do consentimento prestado para o seu tratamento, dirixindo a súa petición ao enderezo postal indicado máis arriba ou ao correo electrónico [st.gerente@icasantiago.org](mailto:st.gerente@icasantiago.org). Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.

Igualmente, e de acordo co que establece a Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, solicitamos o seu consentimento explícito para utilizar as imaxes captadas mediante fotografías e/ou vídeos realizados pola nosa entidade, coa finalidade de potenciar a imaxe corporativa e publicalas na páxina web da entidade.

SI AUTORIZO o tratamento das imaxes.

NON AUTORIZO o tratamento das imaxes.

Por último, o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela informa de que coa sinatura do presente documento outorga o consentimento explícito para o tratamento dos datos mencionados anteriormente.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Nome \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ apelidos: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

Sinatura: \_\_\_\_\_